

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Audiovisual

'O club da calceta' entre as mellores ficcións televisivas de Europa

O telefilme dirixido por Antón Dobao nominada na categoría de Mellor Ficción nos premios Prix.

Redacción - 18:00 17/09/2009

O telefilme *O club da calceta*, dirixido por [Antón Dobao](#), foi escollida para participar na categoría de Mellor Ficción Europea nos premios [Prix Europa](#). Estes galardóns convócanse anualmente para seleccionar os mellores traballos audiovisuais do continente en televisión, radio e novos medios.

A peza, producida por Ficción Producciones, Diagonal TV e a TVG, figura entre as 29 producións seleccionadas na súa categoría. O telefilme está baseado na obra homónima de María Reimóndez e xira arredor da vida de cinco mulleres de diferente condición, idade e orixe social que se coñecen durante un curso de calceta. *O club da calceta* forma parte do proxecto “Un mundo de historias”, que pretende trasladar ao audiovisual obras literarias galegas.

Prix Europa é a maior competición de televisión, radio e novos medios no continente europeo. Foi posta en marcha en 1987 polo Consello de Europa e a Fundación Europea de Cultura. Este ano celebrárase entre o 17 e 24 de outubro en Berlín, onde se exhibirán 231 producións nas diferentes categorías do certame.

Novas relacionadas

- [O Club da Calceta sae vencedor do Famafest 2009](#)